



LECTURAS PARA 3º E 4º



Sara vive nunha aldea da beira-mar, onde a pesca é o único medio de vida. Un día os barcos comezan a vir baleiros, só hai peixes nas proximidades da Illa Negra, onde habita unha cruel Serea. Uriel, o irmán de Sara, vai botar as redes nesas augas e alí cae prisioneiro da Serea. Entón Sara decide navegar ata a illa para liberar a Uriel, coa única axuda de tres buguinas máxicas. *Ed. Xerais.*

O rato Benxamín e o muraño Rosendo son grandes amigos, xogan a subir montañas, a explorar bosques misteriosos, a... Os pais do muraño Rosendo teñen que traballar ata moi tarde. Por mor diso, Rosendo pasa moito tempo na casa do seu amigo Benxamín. O rato avó cóntalles historias de ratos atrevidos, donicelas torpes, musarañas intelixentes... *Ed. Xerais.*



Danko, el potro de Grígor, es capaz de guiarse por las estrellas y tiene más fuerza que cuatro caballos juntos. Además, entiende el lenguaje de los humanos, aunque solo obedece a Grígor. Pero tantas virtudes traerán la desgracia del potro y el muchacho, porque la fama de Danko llega a oídos del ambicioso Pávrich....*Ed. SM.*



LECTURAS PARA 5º E 6º

Velaí, en harmoniosa compañía, vinde lendas con cadanseu poema. Lendas extraídas das raiceiras da nosa tradición, a maioría pouco coñecidas, moi variadas tanto na procedencia xeográfica como na temática tratada; poemas que, como fillos da fantasía que son, tiveron que ser arrincados dos «recantos do cerebro, anicados e espidos» .*Ed. Xerais.*



Porto Balea é unha vila mariñeira na que todos os seus anciáns habitantes perderon a esperanza. Só Otto, o último home novo da vila, segue a saír ao mar a diario mentres deixa a Nena, a súa filla e orfa de nai, ao coidado dos habitantes da vila acantilada. Mais un día Otto non regresa, tras naufragar nos dominios da Illa das Sereas. *Ed. Xerais.*

Alfie detesta ir al dentista. Desde que una vez le arrancaron el diente que no tocaba, prometió que jamás iba a volver a una consulta. Y ahora tiene una dentadura mellada y de un repugnante color entre amarillo y marrón... Sin embargo, su peor pesadilla se ha hecho realidad: una nueva dentista ha vuelto a la ciudad...*Ed. Montena.*



CURSO 2015-2016



BIBLIOTECA RATICONTO

CEIP COIRÓN-DENA

Enlace ao noso blogue:
<http://bibliotecacoiron.blogspot.com/es/>



CHEGA O NADAL!!!

Ola amigas e amigos:

Outro ano que remata e outro ano que vos agasallo cunha selección de libros que vos invito a descubrir....

Espero que sexan do voso agrado!

Agora que teremos uns fermosos días de descanso, días de frío onde na casa estaremos quentiños e tranquilos, podemos aproveitar para ler.

Xa sabedes que a lectura fainos gozar ao transportarnos a outros lugares, achegarnos a distintos personaxes e, sobre todo, a imaxinar que somos o que queiramos ser (unha mosca chosca, un gato lambón, un porquiño traballador, unha ratiña presumida...)

Deséxovos, de todo corazón, que pasedes unhas moi boas vacacións. Unhas vacacións nas que sigades coidando tan ben ás vosas mascotas.

Lembrede que eu estarei, coma sempre, esperando na Biblioteca a vosa chegada...

Xa vos estou botando de menos!!!!

Ratibicos con sabor a neve.



LECTURAS PARA ED. INFANTIL, 1º E 2º



Despois do seu relaxado paseo pola granxa, Rosalía preséntanos o seu poliño, tan despistado coma ela. A súa nai búscalo por todos os recunchos mentres asistimos ás peripecias da cría, entre situacións cómicas e arriscadas. *Ed. Kalandraka.*

No andel dunha tenda vive unha pantufla con forma de vaca. As persoas pasan e mírana, pero apenas fanlle caso... *Hércules Edicións.*




As habilidades, costumes e curiosidades dunha trintena de animais terrestres, acuáticos e voadores, representados coa técnica do collage e cun chamativo tratamento cromático. Una maneira amena e orixinal de achegarse á fauna, apreciar a biodiversidade e viaxar por todo o mundo. *Ed. Kalandraka.*

A deforestación, o quecemento do planeta, o furtivismo, a contaminación...O ser humano levou á extinción a moitas especies en todo o mundo. Este libro poético recolle o testemuño dalgúns animais que xamais volverán voar, nadar, correr... *Ed. Kalandraka.*



LECTURAS PARA INFANTIL, 1º E 2º

Owen, el pequeño hipopótamo, y su mamá eran grandes amigos. Les encantaba jugar a esconderse en las orillas del río Sabaki, en África. Eso fue antes de que llegara el tsunami y se llevara todo lo que rodeaba a Owen. Pero cuando paró la lluvia ... *Ed. Serres.*



Lucy Cousins nos relata sus cuentos favoritos con un lenguaje claro y energético y unos dibujos muy actuales. Les da a sus célebres personajes una nueva vida e impregna sus aventuras con su magia y sus colores brillantes. Estos cuentos son tesoros de la imaginación que continúan gustando y emocionando como el primer día. *Ed. Parramón.*

